

CONCELLARÍA DE DEPORTE

Bases reguladoras da convocatoria das subvencións dirixidas a clubs e a entidades para a realización de actividades deportivas no ano 2017.

Artigo 1. Finalidade e obxecto

Por medio destas bases preténdese desenvolver un plan de consolidación do tecido asociativo deportivo municipal co obxectivo xeral de garantir o desenvolvemento das actividades nas que participen ou promovan as entidades deportivas. A universalización da práctica deportiva ten un papel moi importante na sociedade, actuando de maneira transversal en moitos valores sociais de grande importancia para a mellora da calidade de vida da cidadanía. Aspírase, en especial, á xeneralización da práctica deportiva entre os nenos e nenas, facilitando o seu acceso ao deporte a través da consolidación da igualdade de oportunidades no deporte.

É necesario apoiar as actividades e a participación dos clubs en ligas ou campionatos oficiais de ámbito galego, nacional ou internacional, e tamén ás entidades que contribúen de forma importante ao desenvolvemento e promoción do deporte. Todas estas entidades deben conxugar o seu traballo de forma harmónica e complementaria para consolidar todos os itinerarios do deporte, desde a formación base, pasando pola competición, ata o alto rendemento deportivo, o que no seu conxunto cumpre un importante papel na formación educativa dos mozos e mozas nas respectivas disciplinas onde desenvolven a súa actividade.

Tendo en conta todo isto, a Concellaría de Deporte convoca axudas económicas para a participación ou desenvolvemento de programas deportivos con cargo aos presupostos municipais do Concello de Muros para o ano 2017. Inclúense nesta convocatoria os programas e actividades desenvolvidos dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2017.

Artigo 2. Solicitantes

Poderán optar aos programas contidos nesta convocatoria os clubs e entidades que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas.
- b) Carecer de fins de lucro.



- c) Estar rexistrados no Rexistro de Asociacións de Galicia e ter a súa sede no Concello de Muros.
- d) Desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do municipio.
- e) Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas. Non poderán ser beneficiarios/as desta axuda aqueles que se atopen nalgún dos supostos previstos nos puntos 2º e 3º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia
- f) Estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Tributaria, co Concello e coa Seguridade Social.

Artigo 3. Condicións

- A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva.
- As entidades e clubs só poderán presentar un proxecto; deberán optar pola modalidade de cultura ou pola modalidade de deporte.
- O Concello de Muros poderá conceder subvencións ata un importe máximo de 1.500 € por sección federada (enténdese por sección cada unha das modalidades deportivas en que se divide a entidade, por exemplo “atletismo”, “hóckey”, “remo”, “fútbol sala”...) no caso de clubs participantes en campionatos oficiais, e 1.500 € para o resto de entidades. O límite máximo destas axudas é de 15.000 €.
- Non serán obxecto de axuda os gastos incluídos no Plan Xogade da Xunta de Galicia.
- Ademais, a actividade ou investimento deberá contar cun financiamento propio pola entidade de polo menos o 10% do seu importe.
- Declaración doutras axudas para a mesma finalidade.
- Os clubs deportivos federados e o resto de entidades subvencionadas a través desta orde deberán realizar as actividades e cumprir coas obrigas que se sinalan deseguido:
 - Facer constar en toda publicidade xerada a imaxe corporativa do Concello de Muros.
 - Comprometerse a empregar a lingua galega en toda a publicidade, publicacións, Internet, actos públicos ou material que se cree e propaganda relativa á actividade subvencionada.

Artigo 4. Documentación

As solicitudes deberán formularse nos modelos normalizados que se facilitarán no Centro Cultural e Xuvenil de Muros, ou na páxina web do Concello de Muros: www.muros.gal.



Achegarase tamén a seguinte documentación:

4.1. Documentación xeral da entidade

- Fotocopia compulsada da tarxeta do CIF da entidade, agás se xa foi presentada en anos anteriores.
- Fotocopia compulsada dos estatutos da entidade, agás se xa foron presentados en anos anteriores.
- Fotocopia compulsada da tarxeta do NIF da persoa representante, agás se é a mesma que no pasado ano.
- Declaración orixinal de estar ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (anexo II).
- Certificación orixinal dos datos bancarios da entidade.
- Certificación do número de licenzas en activo.
- Declaración orixinal da persoa representante de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da administración pública e de aceptación das bases da convocatoria (anexo II).
- Compromiso da entidade de facer constar a colaboración de Concello de Muros en toda a información que realice do desenvolvemento das actividades ou inversión (anexo III).

4.2. Documentación específica da subvención

- Memoria explicativa da actividade ou investimento que se vai realizar, que fará mención ás persoas beneficiadas directa ou indirectamente pola axuda, o calendario fixado e o compromiso de uso do galego. Tamén se fará referencia a todos os puntos de valoración que aparecen no artigo 6.1 destas bases.
- Orzamento estimativo de ingresos e gastos.
- Número de equipos por categoría, licenzas por categoría, nivel da competición e equipos femininos participantes en competicións organizadas por entidades oficialmente recoñecidas ou federación deportiva correspondente.
- Memoria explicativa das actividades realizadas pola entidade durante o último ano.
- A documentación que se entregue en fotocopia deberá estar debidamente compulsada.



- O defecto, erro ou ausencia na presentación da documentación á que se refire esta base 4 deberá ser corrixido no prazo de 10 días dende a recepción do requirimento. De non facelo arquivarase a solicitude e non haberá dereito á reclamación.

Artigo 5. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse por calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será dende **o 1 ao 31 de marzo de 2017**.

Artigo 6. Resolución dos programas

A concesión das subvencións realizarase mediante un réxime de concorrencia competitiva, por resolución da Xunta de Goberno Local, a proposta motivada da comisión avaliadora.

Conforme o establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, crearase unha comisión de valoración que estará composta polos seguintes membros:

- Presidenta: alcaldesa do Concello de Muros.
- Vogais: Técnico/a de Deporte e un/unha técnico/a do departamento de asuntos económicos.
- Secretario: secretario municipal que participará con voz pero sen voto.

6.1. Valoración das solicitudes.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinarase unha vez consideradas as actividades e investimentos que se van realizar, ponderando as seguintes circunstancias:

a) Clubs:

- En categorías absolutas: número de equipos, deportistas e relevancia da competición en que participan en función da súa natureza e ámbito territorial. 30 puntos.
- Ata categoría xuvenil: número de equipos, deportistas e relevancia da competición na que participan en función da súa natureza, ámbito territorial. 25 puntos.
- En todas as categorías femininas, número de equipos, deportistas e relevancia da competición en que participan en función da súa natureza e ámbito territorial. 20 puntos.
- Número de quilómetros previstos. 15 puntos.



- Garantir o uso do galego na presentación do proxecto a esta Concellaría. Así mesmo, empregar a lingua galega en toda a publicidade, publicacións, Internet, actos públicos, material que se cree e propaganda relativa á actividade subvencionada. 10 puntos.
- b) Resto de entidades organizadoras de actividades deportivas:
- A comisión valorará os expedientes consonte os seguintes criterios:
- Calidade, interese, orixinalidade e carácter innovador do programa ou actividade desde o punto de vista deportivo. 15 puntos.
 - Número de medios materiais necesarios para a execución do programa. 15 puntos.
 - Carácter continuado e non ocasional do proxecto. 10 puntos.
 - Potencial número de beneficiarios/as do programa ou actividade. 10 puntos.
 - Repercusión territorial do programa ou actividade. 10 puntos.
 - Nivel de autofinanciamento do programa ou actividade. 10 puntos.
 - Carácter social e integrador. 10 puntos.
 - As actividades realizadas pola entidade durante o último ano. 10 puntos.
 - Garantir o uso do galego na presentación do proxecto a esta Concellaría. Así mesmo, empregar a lingua galega toda a publicidade, publicacións, Internet, actos públicos, material que se cree e propaganda relativa á actividade subvencionada. 10 puntos.

6.2. Notificación e publicidade da resolución

A resolución de concesión deberase notificar expresamente a todas as persoas solicitantes de forma fidedigna. As subvencións concedidas publicaranse na páxina web do Concello de Muros, www.muros.gal.

Contra a desestimación expresa ou presunta das solicitudes presentadas poderán formularse os recursos que procedan.

Artigo 7. Xustificación e pagamento

7.1. Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións finalizará o **15 de decembro de 2017**. Excepto **que se xustifique que a subvención se destina a actividades realizadas durante a última quincena de decembro**, en cuxo caso o prazo para xustificar finalizará o día **30 de xaneiro de 2018**.

As subvencións outorgadas serán aboadas a medida que sexan xustificadas.

Se non se presenta a xustificación dentro de prazo, iniciárase o expediente de anulación do correspondente compromiso.

7.2. Consideracións xerais

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos.

A cantidade que se deberá xustificar será: a cantidade outorgada máis a porcentaxe de autofinanciamento marcada pola propia entidade que será un mínimo do 10% da cantidade outorgada.

O importe das subvencións concedidas non poderá, en ningún caso, ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou entidades privadas, supere o custo da actividade que desenvolverá o/a beneficiario/a.

Para o cobro da subvención as entidades deberán estar ao corrente das súas obrigas fiscais co Concello de Muros, situación que determinará de oficio o propio Concello, a través do servizo de Intervención.

Así mesmo, as entidades deberán acreditar que están ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.3. Documentación xustificativa

Para o cobro da subvención as entidades deberán presentar a seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actuacións realizadas e resultados obtidos (anexo V).
- Publicidade (carteis, trípticos...) xerada da actividade, na que se fará constar a imaxe corporativa do Concello de Muros, así como a súa colaboración.
- No caso de non realizar publicidade deberá presentar unha declaración na cal se manifeste que a entidade non realizou ningún tipo de publicidade.
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto (anexo VI).
- Facturas orixinais ou copias debidamente compulsadas.
- Xustificantes bancarios do pagamento das facturas presentadas nos que deberán aparecer o pagador (entidade ou club) e o/a beneficiario/a (empresa titular que emite a factura).



- Así mesmo, no caso de concorrencia de subvencións públicas que se atopen xustificadas, poderá achegarse certificación da administración outorgante, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ao que se refiren os gastos.

Artigo 8. Incumprimentos e sancións

Vencido o prazo de xustificación sinalado na base 7.1 ou, no seu caso, a prórroga, sen que a entidade presentara a documentación xustificativa, requirirase para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na Lei xeral de subvencións.

Disposición adicional primeira

Con carácter xeral admitiranse fotocopias sempre que veñan compulsadas:

- Diante de notario/a.
- Polo secretario do Concello ou funcionario/a habilitado/a ao efecto.
- Polo rexistro doutros organismos públicos, naqueles casos nos que se presenten os documentos a través doutros organismos públicos que estean autorizados a efectos de rexistro.